

MARK TWAIN

# O forasteiro misterioso

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

## Capítulo I

Foi en 1590. No inverno. Austria ficaba moi lonxe do mundo, e durmía. Austria estaba sumida no medievo, e parecía non querer abandonalo nunca. Había quen mesmo retrocedían séculos e máis séculos e aseguraban que no reloxo da intelixencia e do espírito, Austria estivera dende sempre na Idade da Fe. Pero dicían a modo de afago, non por menosprezo, polo que os demais o interpretaban como un motivo de orgullo. Lémbroo perfectamente, malia non ser eu daquela máis ca un rapaz, e lembro tamén o pracer que me producía.

Si, Austria ficaba lonxe do mundo, e durmía. E a nosa aldea achábase no centro mesmo daquel sono, posto que estaba localizada no centro mesmo de Austria. Vivía, adurmiñada e pacífica, no fondo dunha soidade montesía e boscosa, á que nunca, ou moi rara vez, chegaban as novas do mundo a perturbar o seu sono, e vivía inmensamente satisfeita. Por diante da aldea corría un río tranquilo coa superficie que reflectía as nubes e as lanchas que transportaban pedra; detrás da aldea alzábase unha ladeira arborada até o bordo do cantil; no alto do precipicio erguíase un enorme castelo coa súa longa fileira de torres e de baluartes cubertos polas hedras; alén do río, a unha legua cara á esquerda, estendíase unha ondulante confusión de outeiros e fragas atravesadas por intrincadas canellas nas

que xamais penetraba o sol; cara á dereita o terreo tornaba en fragoso ao chegar ao río, e entre ese precipicio e os outeiros mencionados, estendíase, ben ao lonxe, unha chaira con algunhas casoupas debuxadas entre hortas e árbores.

A rexión enteira, en moitas leguas á redonda, era unha enorme propiedade herdada por un príncipe que tiña ao seu servizo uns serventes que mantiñan cadora o castelo en óptimas condicións para ser ocupado, a pesar de que nin o príncipe nin a súa familia aparecían por aló máis dunha vez cada lustro. Iso si, cando aparecían por alí era coma se chegase o señor do universo, achegando con el todas as magnificencias dos reinos deste; e cando marchaban, deixaban tras deles un acougo que se parecía moito á profunda soneca que se produce despois dunha orxía.

Para nós, os rapaces, Eseldorf era un paraíso. A escola non nos parecía unha carga excesiva; nela aprendíannos basicamente a sermos bos cristiáns, a reverenciar a Virxe, a Igrexa e os santos, por riba de todo. Fóra disto, non se nos esixía que aprendésemos moito; é máis, non se nos permitía. O saber non estaba ben visto nas xentes vulgares e se cadra podía arramplar coa felicidade da ignorancia, unha sorte da que Deus dotara este mundo, e Deus non tolera que ninguén estea descontento cos seus plans. Tiñamos dous sacerdotes. Un deles era un crego moi celoso e enérxico chamado padre Adolf, que contaba co respecto da xente.

Poida que en certos aspectos existan sacerdotes mellores ca o padre Adolf, pero non houbo endexamais na nosa comunidade outro polo que sentisen todos, sen excepción, un respecto máis solemne e reverente. Este respecto nacía de que el non lle tiña medo ao diaño. Era o único cristián de cantos eu coñecín que o afirmaba con honestidade. Por esta razón, a xente sentía un profundo temor,

